

# Zonificación legal dos ríos

A Lei de Augas, (Real Decreto Legislativo 1/2001 do 20 de Xullo) define os elementos que constitúen o Dominio Público Hidráulico:

**Augas continentais**, tanto superficiais como as subterráneas renovábeis con independencia do tempo de renovación.

As **canles** de correntes naturais, continuas ou discontinuas.

Os **leitos** dos lagos, lagoas e dos encoros superficiais en canles públicas.

Os **acuíferos** subterráneos.

As **augas** procedentes da desalación do mar.

Os ríos están suxeitos a unha lexislación específica que ten unha zonificación legal, na que se regulan os usos, actividades e actuacións tanto do solo como das canles e ribeiras

A Lei de Augas establece unha zonificación, que determina distintos graos de protección:


A **Canle** (DPH) é o terreo cuberto polas augas nas máximas enchentes ordinarias dunha corrente continua ou discontinua. En xeral, son de dominio público, se ben en ocasións pode ser de carácter privado.

A **Ribeira** (DPH), franxas laterais das canles públicas situadas por enriba do nivel das augas baixas, é dicir, comprendería o espazo de terra delimitado pola línea de augas baixas e o nivel marcado por unha enchente ordinaria do río.

A **Zona de servidume**, comprende 5 metros de ancho, a partir do límite do DPH. Ten como fin a protección do ecosistema fluvial e do DPH, o paso peonil e o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento.

A **Zona de policía**, é de alomenos 100 metros de ancho a partir do límite do DPH. Nesta zona, as actividades que modifican o terreo e que poidan afectar ao estado do ecosistema acuático e do DPH, estarán condicionadas a unha autorización especial de confederación hidrográfica.

A **Área de inundación** é a ocupada polas enchentes extraordinarias, e delimitase polos límites teóricos que acadarían as augas nas enchentes cun período de retorno de 500 anos, pudiendo quedar contida a zona de policía ou superar esta.



[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

Debuxo: Xavier Ares Núñez

Unimos ríos e persoas



Iniciativa: Promove:



MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL